



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
Tel: 981547354 - Fax: 981547381
agader.xunta.es
CIF: Q1500273F



Isaías Calvo de la Uz, secretario do Consello de Dirección da
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),

Certifico:

Que o Consello de Dirección de Agader, na súa reunión do vinte e
cinco de marzo de dous mil trece, aprobou o seguinte acordo:

***"Ao abeiro da alínea Dous.I) da disposición adicional sexta da Lei 5/2000,
do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e
administrativo, engadida pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, de
medidas fiscais e administrativas, apróbanse os seguintes acordos:***

**1) Criterios de adxudicación no caso de concorrencia de solicitudes de
cesión sobre un mesmo predio integrante do Banco de Terras de Galicia
para distintos destinos ou aproveitamentos principais.**

***No caso de concorrencia de solicitudes de cesión temporal sobre un
mesmo predio para distintos destinos ou aproveitamentos principais, as
solicitudes serán clasificadas nos seguintes grupos e orde de preferencia
en función do destino ou aproveitamento principal solicitados de entre os
previstos no artigo 6.1 da Lei de Galicia 6/2011, do 13 de outubro, de
mobilidade de terras:***

- 1º grupo: solicitudes con fins agropecuarios (aproveitamentos agrícolas e/ou gandeiros).**
- 2º grupo: solicitudes con fins forestais.**
- 3º grupo: solicitudes con fins ambientais, paisaxísticos, de custodia do territorio, de conservación da natureza ou a outros usos vinculados a estes.**
- 4º grupo: solicitudes con fins de infraestruturas, patrimoniais ou de regularización do patrimonio das administracións públicas.**

***Clasificadas as solicitudes por grupos e orde de preferencia, e sempre
que dentro de un mesmo grupo sexa posible o destino ou aproveitamento
e tipo de cultivo ou uso solicitado de acordo coa normativa de aplicación,
en particular a relativa aos usos do solo, denegaranse as solicitudes de
cesión incluídas no/s grupo/s seguinte/s ás do grupo superior. As
solicitudes dentro de cada grupo serán resoltas de conformidade coa
normativa e criterios aplicable a cada grupo.***



galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
Tel: 981547354 - Fax: 981547381
agader.xunta.es
CIF: Q1500273F



Queda sen efecto o punto primeiro da resolución do 7 de agosto de 2012 do Director Xeral de Agader sobre instrucións aclaratorias no procedemento de adxudicación de cesión de predios incorporados a través do Banco de Terras.

2) Criterios de determinación do destino ou aproveitamento forestal dos predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia.

Aos efectos da Lei de Galicia 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras e no que respecta a determinación do destino ou aproveitamento forestal dos predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia:

1- Admitirase por defecto o destino ou aproveitamento forestal leñoso e o aproveitamento forestal non madeireiro, como a cortiza, os pastos, a caza, os froitos, os fungos, as plantas aromáticas e medicinais e os produtos apícolas, sempre que estea permitido pola normativa aplicable, e salvo informe técnico en contrario, que constará no oportuno expediente.

2- Non se admitirá o destino ou aproveitamento forestal madeireiro e de biomasa forestal:

- a) Cando existan vivendas, construcións e instalacións situadas dentro da circunferencia que define o entorno do predio, ou que os predios nos que se enclavan estas estean incluídos total ou parcialmente dentro da dita circunferencia, salvo que se trate de construcións e instalacións forestais destinadas á extracción da madeira ou a xestión forestal e as de apoio a explotación forestal, así como as de defensa forestal, en cuxo caso se admitirá o aproveitamento forestal madeireiro e de biomasa forestal.**
- b) Cando a superficie de uso agrícola e/ou pecuario na circunferencia que define o entorno do predio sexa do 40 % ou superior.**
- c) Cando a superficie de uso agrícola e/ou pecuario na circunferencia que define o entorno do predio sexa inferior ao 40 % e a superficie destinada a uso forestal arborado sexa inferior ao 60 %**

3- Admitirase o aproveitamento forestal madeireiro e de biomasa forestal:

- a) Cando a superficie de uso agrícola e/ou pecuario na circunferencia que define o entorno do predio sexa inferior ao 40 % e a superficie destinada a uso forestal arborado sexa igual ou superior ao 60%.**
- b) Transcorridos dous anos ininterrompidos desde que o predio fose solicitado con fins forestais sen que o mesmo non fose cedido para outros destinos ou aproveitamentos distintos ao forestal.**



galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia 56, Lاراño
15897 Santiago de Compostela
Tel: 981547354 - Fax: 981547381
agader.xunta.es
CIF: Q1500273F



Ditos criterios non serán de aplicación no caso das cesións pactadas de mutuo acordo previstas no artigo 18.2.a) da Lei de Galicia 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e no caso de que a persoa titular do predio determine o destino u aproveitamento principal do predio e o tipo de cultivo ou uso para a súa cesión a terceiros, que o Banco de Terras terá que respectar.

Non obstante o sinalado, non se admitirá o destino ou aproveitamento forestal dos predios cando este non estea permitido pola normativa sectorial de aplicación, en particular a relativa aos usos do solo.

A metodoloxía a seguir para determinar o destino ou aproveitamento forestal será a seguinte:

- 1. Calcularase o centroide da parcela solicitada, entendendo por centroide o centro de simetría da figura xeométrica que define o predio ou, no caso de xeometrías irregulares, o punto onde un soporte simple pode equilibrar o obxecto.***
- 2. No mapa xerado polo sistema de información xeográfica que en cada caso se utilice (Sistema de información de parcelas agrícolas –sixpac-, Catastro, etc.), debuxarase unha circunferencia con centro o centroide do predio e un radio de 150 metros.***
- 3. Calcularanse os usos do entorno da parcela: Na circunferencia do entorno da parcela calcularase a modo de porcentaxe a superficie que está dedicada a usos agrícolas, pecuarios e forestal arborado, conforme aos usos que figuran na base de datos do sistema de información de parcelas agrícolas –sixpac-, e, en caso de discrepancia entre estes e a realidade existente, conforme a esta última.***
- 4. Aplicaranse os criterios establecidos para a determinación do destino ou aproveitamento forestal.***

3) Criterios de adxudicación dos predios integrantes do Banco de Terras de Galicia, no suposto de concorrencia de varias solicitudes de cesión para fins forestais sobre un mesmo predio.

Criterios de adxudicación dos predios destinados a fins forestais previstos no artigo 6.1 da Lei de Galicia 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, no suposto de concorrencia de solicitudes de cesión sobre un mesmo predio para o destino ou aproveitamento forestal.





15	AGRICULTOR (nivel profesionalización)	1	Persoa titular da explotación agropecuaria	15
75	RELACIÓNS PREVIAS	2	Arrendamento previo	75
30	XÉNERO DOS TITULARES	3	Máis do 50% de mulleres como titulares da explotación	30
		4	50% de mulleres como titulares da explotación	20
		5	Mulleres como titulares da explotación, pero en número inferior ao 50%	10
20	IDADE DOS TITULARES	6	Máis do 50% de mozos/as como titulares da explotación	20
		7	50% de mozos/as como titulares da explotación	10
		8	Mozos/as como titulares da explotación, pero en número inferior ao 50%	5
60	COLINDANCIA E PROXIMIDADE	9	Finca propia colindante	40
		10	Finca propia ou arrendada a menos de 2 km de distancia	15
		11	Finca propia ou arrendada entre 2 e 5 km de distancia	5
15	ASOCIACIONISMO	12	Cooperativas Agrarias, S.A.T. e SOFOR	15
		13	S.L., S.A. (excepto SOFOR)	10
		14	Outros tipos de asociacións ou comunidades legalmente establecidas	5
15	PREZO	15	Prezo maior ofertado	15
		16	Prezo intermedio	15>X>0
		17	Prezo mínimo da cesión previsto para a parcela	0
60	CARACTERÍSTICAS DA EXPLOTACIÓN	18	Aproveitamentos forestais non madeiros	60
		19	Explotación con especies da lista de especies nº 1	30
		20	Explotación con especies da lista de especies nº 2	10
200	Outras situacións	21	Supostos contemplados no art. 6.2.d da lei de mobilidade	50
		22	Establecemento de novos asentamentos en zonas ZAAP (art. 47 da lei de mobilidade)	100
		23	Artigo 6.2.f da lei de mobilidade	100

Lista de especies nº 1: Castiñeiro (*Castanae Sativa*), Castiñeiro Híbrido (*Castanae x híbrida*), Carballo (*Quercus robur*), Cerdeira (*Prunus aviun*), Nogueira (*Juglans regia*), Sobreira (*Quercus suber*), Piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*), Teixo (*Taxus baccata*)

Lista de especies nº 2: Ameneiro (*Alnus glutinosa* (L.) Gaertn., Pradairo (*Hacer pseudoplatanus* L.), Bidueiro (*Betula* sp.), Freixo (*Fraxinus excelsior* L.), Freixa (*Fraxinus angustifolia* Vahl.), Cerquiño (*Quercus pyrenaica* Will.), Carballo albar (*Quercus petraea* (Matts) Liebl., Aciñeira (*Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp., *Quercus rotundifolia* Lam, Abeleira (*Corylus avellana* L.), Faia (*Fagus sylvatica* L.), Umeiro (*Ulmus glabra* Huds.), *Ulmus minor* Miller, Loureiro (*Laurus nobilis* L.), Sorbeira do monte (*Sorbus aria* L.), Capudre (*Sorbus aucuparia* L.), Érbado (*Arbutus unedo* L.), Carballo americano (*Quercus rubra*) e a Nogueira americana (*Juglans nigra*)

No caso de concorrencia de solicitudes, para favorecer o acceso á terra a distintas persoas, aplicaranse os seguintes factores de corrección sobre a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación:

Factor	Criterio
1	Ata obter 3 predios ou unha superficie de 1,50 hectáreas (ambos inclusive)
0,6	Entre 4 e 6 predios (ambos inclusive) ou entre máis de 1,50 hectáreas e 3 hectáreas
0,2	Para máis de 7 predios e máis de 3 ha





A corrección consistirá en multiplicar a puntuación obtida segundo a táboa inicial polo factor que lles corresponda aos criterios sinalados na táboa precedente.

Para a aplicación deste factor de corrección só se terán en conta os predios adxudicados dentro do mesmo ano natural, entendendo por tal o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano.

Criterios de desempate.

No caso de que dous ou máis solicitantes obteñan a mesma puntuación despois de aplicar as regras anteriores, aplicaranse os seguintes criterios de desempate:

1º criterio: A obtención de máis puntuación nos conceptos dos criterios de adxudicación segundo a seguinte orde de preferencia:

1	CARACTERÍSTICAS DA EXPLOTACIÓN
2	COLINDANCIA E PROXIMIDADE
3	RELACIÓNS PREVIAS
4	AGRICULTOR (nivel profesionalización)
5	IDADE DOS TITULARES
6	XÉNERO DOS TITULARES
7	ASOCIACIONISMO
8	PREZO

2º criterio: Pola data de presentación da solicitude, en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3º criterio: Polo número do NIF. Adxudicarase o predio a persoa solicitante que teña o número máis baixo dos últimos 6 díxitos numéricos do NIF.

4) Modificación do acordo do Consello de Dirección de Agader de 20 de decembro de 2011 sobre criterios de adxudicación dos predios destinados aos fins previstos no artigo 6.1 da Lei de Galicia 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, coa excepción do forestal, no suposto de concorrencia de varias solicitudes de cesión sobre un mesmo predio.

Modifícase o acordo do Consello Dirección de Agader do 20 de decembro de 2011, polo que se aprobaron os criterios de adxudicación dos predios destinados aos fins previstos no artigo 6.1 da Lei de Galicia 6/2011, do 13



de outubro, de mobilidade de terras, coa excepción do forestal, no suposto de concorrencia de varias solicitudes de cesión sobre un mesmo predio, que queda redactado como segue:

1.- Criterios de adxudicación de predios.

Apróbanse os criterios de adxudicación dos predios destinados aos fins previstos no artigo 6.1 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, coa excepción do forestal, no suposto de concorrencia de

Máximo	Concepto	Variable	Puntos
25	AGRICULTOR (nivel profesionalización)	1 Persoa titular da explotación	15
		2 Persoa agricultora profesional	20
		3 Persoa agricultora a título principal	25
75	RELACIÓNS PREVIAS	4 Persoa que recibira unha cesión en precario	15
		5 Arrendamento previo	75
45	PRIMEIRA INSTALACIÓN DE AGRICULTORES MOZOS	6 Moza incorporada como titular ou cotitular no mesmo ano do arrendamento	20
		7 Moza incorporada como titular ou cotitular no ano anterior ao arrendamento	10
		8 Mozo incorporada como titular ou cotitular no mesmo ano do arrendamento	10
		9 Mozo incorporada como titular ou cotitular no ano anterior ao arrendamento	5
45	AMPLIACIÓN DE BASE TERRITORIAL	10 Explotación de nova creación	20
		11 Contrato de explotación sustentable	10
		12 Explotación acollida a un plan de mellora	5
		13 Explotación agraria prioritaria	5
		14 Explotación en produción ecolóxica	5
30	XÉNERO DOS TITULARES	15 Máis do 50% de mulleres como titulares da explotación	30
		16 50% de mulleres como titulares da explotación	20
		17 Mulleres como titulares da explotación, pero en número inferior ao 50%	10
20	IDADE DOS TITULARES	18 Máis do 50% de mozos/as como titulares da explotación	20
		19 50% de mozos/as como titulares da explotación	10
		20 Mozos/as como titulares da explotación, pero en número inferior ao 50%	5
		21 Finca propia colindante	40
60	COLINDANCIA E PROXIMIDADE	22 Finca propia ou arrendada a menos de 100 metros de distancia	25
		23 Finca propia ou arrendada a menos de 300 metros de distancia	15
		24 Explotación situada a 2 km ou menos de distancia	10
		25 Explotación situada entre 2 e 5 km de distancia	5
15	ASOCIACIONISMO	26 Cooperativas Agrarias e S.A.T.	15
		27 S.L., S.A.,	10
		28 Outros tipos de asociacións ou comunidades legalmente establecidas	5
15	PREZO	29 Prezo maior ofertado	15
		30 Prezo intermedio	15>X>0
		31 Prezo mínimo da cesión previsto para a parcela	0
200	Outras situacións	32 Supostos contemplados no art. 6.2.d da lei de mobilidade	50
		33 Establecemento de novos asentamentos en zonas ZAAP (art. 47 da lei de mobilidade)	100
		34 Artigo 6.2.f da lei de mobilidade	100

solicitudes de cesión sobre un mesmo predio, nos seguintes termos:

No caso de concorrencia de solicitudes, para favorecer o acceso á terra a distintas persoas, aplicaranse os seguintes factores de corrección sobre a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación.

Factor	Criterio
1	Ata obter 3 predios ou unha superficie de 1,20 hectáreas (ambos inclusive)
0,6	Entre 4 e 6 predios (ambos inclusive) ou entre máis de 1,20 hectáreas e 2,50 hectáreas
0,2	Para máis de 7 predios e máis de 2,50 ha





A corrección consistirá en multiplicar a puntuación obtida segundo a táboa inicial polo factor que lles corresponda aos criterios sinalados na táboa precedente.

Para a aplicación deste factor de corrección só se terán en conta os predios adxudicados dentro do mesmo ano, entendendo por tal o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano.

Criterios de desempate.

No caso de que dúas ou máis persoas solicitantes obteñan a mesma puntuación despois de aplicar as regras anteriores, aplicaranse os seguintes criterios de desempate:

1º criterio: A obtención de máis puntuación nos conceptos dos criterios de adxudicación segundo a seguinte orde de preferencia:

1	Relacións previas
2	Colindancia e proximidade
3	Primeira instalación de agricultores mozos
4	Ampliación de base territorial
5	Idade dos titulares
6	Xénero dos titulares
7	Agricultor (nivel profesionalización)
8	Prezo
9	Asociacionismo

2º criterio: Pola data de presentación da solicitude, en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3º criterio: Polo número do NIF. Adxudicarase o predio a persoa solicitante que teña o número máis baixo dos últimos 6 díxitos numéricos do NIF.

5) Solicitudes de predios integrantes do Banco de Terras de Galicia para un destino ou aproveitamento forestal madeireiro e/ou de biomasa forestal.

A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia requiriralles as persoas solicitantes a presentación dunha memoria ou plan de acción, explotación ou actuación sobre o predio solicitado. O Banco de Terras de Galicia poderá establecer un modelo normalizado que será posto a disposición das persoas solicitantes.

O Banco de Terras de Galicia poderá requirir toda aquela documentación técnica e xurídica que precise para determinar de xeito inequívoco a



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
Tel: 981547354 - Fax: 981547381
agader.xunta.es
CIF: Q1500273F



acción, explotación ou actuación que a persoa solicitante vai realizar no predio en cuestión de serlle adxudicada a cesión, que será considerada como condición esencial da dita adxudicación e da figura xurídica baixo a cal se formalice a dita cesión.

6) Solicitudes de predios integrantes do Banco de Terras de Galicia para un destino ou aproveitamento ambiental, paisaxístico, de custodia do territorio, de conservación da natureza ou para outros usos vinculados a estes.

No caso de solicitudes de cesión con fins ambientais, paisaxísticos, de custodia do territorio, de conservación da natureza ou para outros vinculados a estes, a entidade xestora do Banco de Terras requiriralle aos solicitantes a presentación dunha memoria ou plan de acción, explotación ou actuación sobre predio solicitado. O Banco de Terras de Galicia poderá establecer un modelo normalizado que será posto a disposición das persoas solicitantes.

O Banco de Terras de Galicia poderá requirir toda aquela documentación técnica e xurídica que precise para determinar de xeito inequívoco a acción, explotación ou actuación que a persoa solicitante vai realizar no predio en cuestión de serlle adxudicada a cesión, que será considerada como condición esencial da dita adxudicación e da figura xurídica baixo a cal se formalice a dita cesión.

7) Solicitudes de predios integrantes do Banco de Terras de Galicia para un destino ou aproveitamento de infraestruturas, patrimonial ou de regularización do patrimonio das administracións públicas.

No caso de solicitudes de cesión para un destino ou aproveitamento de infraestruturas, patrimonial ou de regularización do patrimonio das administracións públicas, a entidade xestora do Banco de Terras requiriralles as persoas solicitantes a presentación dunha memoria, proxecto técnico, plan de acción, explotación ou actuación sobre predio solicitado, que deberá incluír como mínimo, unha descrición actual do predio, das actuacións a realizar, croquis no que se localicen as actuacións a realizar e fotografías na que se amose o estado actual do predio. O Banco de Terras de Galicia poderá establecer un modelo normalizado que será posto a disposición das persoas solicitantes.

O Banco de Terras de Galicia poderá requirir toda aquela documentación técnica e xurídica que precise para determinar de xeito inequívoco a acción, explotación ou actuación que a persoa solicitante vai a realizar no





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
Tel: 981547354 - Fax: 981547381
agader.xunta.es
CIF: Q1500273F



predio en cuestión de serlle adxudicada a cesión, que será considerada como condición esencial da dita adxudicación e da figura xurídica baixo a cal se formalice a dita cesión.

8) Incorporación de predios ao Banco de Terras de Galicia aos efectos da previsión contida no artigo 61 da Lei de Galicia 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Aos efectos da previsión contida no artigo 61 da Lei de Galicia 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, relativo aos cambios de actividade agrícola a forestal, e en relación coas previsións contidas na Lei de Galicia 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, só se computarán os períodos nos que o ben estivo incorporado ao Banco de Terras de Galicia por un período ininterrompido de polo menos dous anos consecutivos e con suxeición ao prezo mínimo de renda marcado pola entidade xestora en función dos prezos de referencia establecidos polo Consello da Xunta de Galicia.

9) Autorización para o inicio do procedemento de transmisión en propiedade de predios de titularidade da entidade xestora, integrantes do Banco de Terras de Galicia.

Autorízase o director xeral de Agader para que inicie o procedemento para a transmisión en propiedade dos seguintes predios de titularidade da entidade xestora, integrantes do Banco de Terras de Galicia, mediante adxudicación directa, a título gratuíto e a Administracións Públicas (Concellos):

SOLICITUDES FEITAS POR CONCELLOS PARA A CESIÓN EN PROPIEDAD DE FINCAS TITULARIDADE DA ENTIDADE XESTORA DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA

Expt. BTG	concello	parroquia	Z	Pol	Parc	Ref Catastral	supf (m2)	motivo
20082700244	Friol	Pacio	2	502	151	27020C502001510000UD	8.990	centro interpretación agrogandeiro
20091500249	Vedra	Ponte Ulla	0	508	387	15090A508003870000AO	720	ampliación cemiterio de Ponte Ulla
20101500121	Vedra	Vedra	0	13	1090	2261209NH4326S0001HS	8.730	uso deportivo (campo de fútbol)
20071500448	Boqueixón	Oural	1	510	547	15012B510005470000LE	4.516	aparcamento maquinaria municipal
20081500331	Boqueixón	Gastrar	1	515	156	15012B515001560000LQ	6.272	permuta para ampliación de estrada
20081500527	Negreira	Campolongo	0	516	297	9522106NH0592S0001OE	590	merendeiro-mirador
20072701255	Samos	Teivilide	4	501	91	27055E501000910000UH	1.008	aparcamento da igrexa e ampliación do cemiterio
20072700347	Lourenzá	Lourenzá	2	4	839	27027C004008390000DJ	575	construción dunha depuradora
20072700622	Outeiro de Rei	Parada	2	1	6	27039C001000060000EM	859	actividades sociais (a parcela linda coa igrexa)
20082700281	Palas de Rei	Orosa	1	502	182	27040B502001820000MR	245	legalización cemiterio de Orosa
20072701320	Vilalba	Arbol	1	9	1412	27065B009014120000IU	21.950	campo da festa, aparcamento e ampliación cemiterio
	Vila de Cruces	Gres	9	501	310	36059K501003100000IZ	5.229	aparcamento do auditorio municipal
20103600102	A Estrada	Ribeira	9	514	381	36017K514003810000EM	1.080	cambio linde e reparación tellado escola sita na parcela
20073200333	Sandiás	Sandiás	0	502	1189	32078A502011890000FE	905	área recreativa de Pegas

galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
Tel: 981547354 - Fax: 981547381
agader.xunta.es
CIF: Q1500273F



20073200334	Sandiás	Sandiás	0	502	1516	32078A502015160000FA	18.123	punto recollida plásticos / illa ecolóxica
20093200266	Sandiás	Sandiás	0	502	1531	32078A502015310000FM	510	fosa séptica de Sandiás
20093200267	Sandiás	Sandiás	0	502	1562	32078A502015620000FF	530	depuradora de Sandiás
20073200336	Sandiás	Couso de Limia	0	503	3319	32078A503033190000FO	15.654	área recreativa de Couso e campo de fútbol
20073200330	Sandiás	Piñeira de Arcos	0	502	429	32078A502004290000FM	2.570	área recreativa de Zadagón
20083200668	Sandiás	Piñeira de Arcos	0	502	938	32078A502009380000FT	1.697	estación de bombeo
20073200331	Sandiás	Piñeira de Arcos	0	502	984	32078A502009840000FI	2.283	área recreativa de Cardeita
20091500252	Vedra	Ribadulla	0	507	11069		3.797	área recreativa
20091500253	Vedra	Ribadulla	0	507	31069		1.230	área recreativa
20091500254	Vedra	Ribadulla	0	507	21069		2.055	área recreativa

10) Designación dos representantes de Agader na comisión mixta para o seguimento e interpretación do convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural sobre a xestión de fincas con vocación agraria, asinado o 12 de febreiro de 2013.

De conformidade do disposto na apartado 1 da cláusula sétima do Convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural sobre a xestión de fincas con vocación agraria, asinado o 12 de febreiro de 2013 (BOE nº 57 do 7 de marzo de 2013), adoptase o seguinte acordo:

Nomear como representantes da entidade xestora do Banco de Terras de Galicia na Comisión Mixta para o seguimento e interpretación do Convenio:

1.- A persoa titular da Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Consellería competente en materia de agricultura.

2.- A persoa titular da Subdirección de Mobilidade de Terras da entidade xestora do Banco de Terras de Galicia.

Durante os períodos de ausencia, vacante ou enfermidade das persoas titulares da Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Consellería competente en materia de agricultura e da Subdirección de Mobilidade de Terras da entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, será de aplicación o establecido na correspondente normativa de aplicación en materia de suplencias, substitucións ou delegación de competencias.

11) Réxime transitorio dos procedementos do Banco de Terras de Galicia. Aos procedementos do Banco de Terras de Galicia iniciados con anterioridade á aprobación dos acordos do Consello de Dirección de Agader sobre mobilidade de terras seralles aplicable o previsto neles desde a súa aprobación".



galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Lugar da Barcia 56, Lاراño
15897 Santiago de Compostela
Tel: 981547354 - Fax: 981547381
agader.xunta.es
CIF: Q1500273F



A acta do citado Consello de Dirección está pendente de aprobación nunha xuntanza posterior.

E para que conste, asino esta certificación en Santiago de Compostela, a vinte e cinco de abril de dous mil trece.

Vº e prace

A presidenta de Agader

Rosa María Quintana Carballo

O secretario do Consello de
Dirección



Isaías Calvo de la Uz